

## CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA E A FEDERACION PROVINCIAL DE EMPRESARIOS DE HOSTELERÍA DE PONTEVEDRA PARA APOIO A ESTRUTURA E FUNCIONAMENTO DESTA ENTIDADE DURANTE O ANO 2023

O xerente de Turismo de Galicia

### DECLARA:

Que esta Axencia Turismo de Galicia formalizou coa Federación Provincial de Empresarios de Hostelería de Pontevedra o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2023.

Que o instrumento convencional ten por obxecto o outorgamento dunha subvención directa para o apoio á estrutura e funcionamento da Federación Provincial de Empresarios de Hostelería de Pontevedra durante o ano 2023.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:

**Primeiro.-** A Axencia Turismo de Galicia, segundo o Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos, ten como obxectivo, impulsar, coordinar e xestionar a política autonómica en materia de turismo e, en especial, a promoción e a ordenación do turismo dentro da comunidade.

Para lograr esta finalidade a Axencia Turismo de Galicia acomete, no ámbito das súas competencias, un decidido apoio á promoción e fomento do sector turístico de Galicia a través daquelas accións que lle permiten acadar os seus obxectivos.

**Segundo.-** A Federación Provincial de Empresarios de Hostelería de Pontevedra é unha entidade asociativa provincial, profesional e sen ánimo de lucro, que conta con personalidade xurídica e capacidade de obrar, cuxo obxectivo é coordinar, representar,



xestionar, fomentar e defender os intereses comúns dos empresarios e profesionais que nela se integran.

Como fins xerais, ten a xestión e defensa dos intereses comúns dos seus asociados, do sector da hostalería e o turismo así como ofertar servizos especializados e de calidade. A federación desenvolve proxectos de execución de Plans de Formación Continua, así como cursos de formación e xornadas informativas para o Sector da Hostalería. Ademais, cómpre destacar as actuacións continuas que leva a cabo no sector da prevención de riscos laborais.

É de interese xeral para o desenvolvemento do sector turístico en Galicia o fomento da realidade asociativa das empresas e entidades que prestan servizos turísticos na nosa Comunidade Autónoma. Este asociacionismo debe estar agregado a nivel de cadea de valor, de xeito que se vaia camiñando cara unha ordenación do ámbito asociativo no eido turístico, diminuíndo a atomización actualmente existente. O fomento desta agrupación da realidade asociativa é merecedora dun impulso e un recoñecemento da súa labor, para a que é necesaria unha mínima estrutura de funcionamento que permita acadar os fins comúns dos seus asociados, que redunda nunha mellor calidade turística en Galicia.

A hostalería é un sector básico e estratéxico na economía da nosa Comunidade autónoma, e as asociacións, federacións e confederacións son clave no seu engranaxe empresarial. O asociacionismo é un xeito de defender intereses comúns, buscar solucións a problemas que de xeito común afectan aos asociados, neste caso empresas do ámbito da hostalería, e velar polos seus intereses. Asociarse e traballar en conxunto faise necesario ante un escenario de recuperación que se presenta lento e progresivo. Por isto, as asociacións, federacións e confederacións de hostalería son básicas para o sector, tanto dende o punto de vista dos empresarios como das persoas que traballan nel, xa que son un apoio fundamental para recibir, entre outros, asesoramento e formación.

A través deste convenio, outórgase á Federación Provincial de Empresarios de Hostelería de Pontevedra unha subvención directa en virtude do disposto no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, polas razóns de interese público, social, económico e humanitario expostas nos puntos anteriores que dificulta a súa



convocatoria pública, de conformidade co previsto no artigo 26.2.a) da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela

O xerente de Turismo de Galicia

Antonio Casas Calviño

